



## Guía Docente

Datos Identificativos				
<b>Asignatura (*)</b>	Métodos de investigación	<b>Código</b>	2024/25 652G03019	
<b>Titulación</b>	Grao en Educación Social			
Descritores				
<b>Ciclo</b>	<b>Período</b>	<b>Curso</b>	<b>Tipo</b>	<b>Créditos</b>
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
<b>Idioma</b>	Galego			
<b>Modalidade docente</b>	Presencial			
<b>Prerrequisitos</b>				
<b>Departamento</b>	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
<b>Coordinación</b>	Arias Rodriguez, Maria Alicia	<b>Correo electrónico</b>	alicia.arias.rodriguez@udc.es	
<b>Profesorado</b>	Arias Rodriguez, Maria Alicia	<b>Correo electrónico</b>	alicia.arias.rodriguez@udc.es	
<b>Web</b>	<a href="https://www.udc.es/es/centros_departamentos_servizos/departamentos/departamento/?codigo=D162">https://www.udc.es/es/centros_departamentos_servizos/departamentos/departamento/?codigo=D162</a>			
<b>Descrición xeral</b>	<p>A realidade socio-educativa do/a educador/a social é complexa, diversa e difícil de analizar, describir e interpretar, por iso é necesario, que ao longo da súa formación académica, adquira unha serie de competencias que lle permitan desenvolver a súa posterior actividade profesional. Por tal circunstancia, a aprendizaxe e aplicación de diversas metodoloxías de investigación, que se planifican nesta materia, permitirá nun futuro ao educador/a social seleccionar a máis adecuada para solucionar os problemas que se encontrará no seu próximo ámbito laboral. Sen esquecer que o/a educador/a social dentro do seu ámbito laboral terá que investigar para poder achegar posibles solucións que melloren o contexto no que se desenvolva a súa actividade laboral. A diversidade de concepcións epistemolóxicas aplicables ás distintas situacións sociais será fonte de información para o/a investigador/a social, permitíndolle determinar cal é a máis adecuada para solucionar o problema ao que se enfrenta. Non se pretende establecer unha prelación ou unha orde de importancia entre os variados modos de investigación, senón que é o problema de investigación o que determinará a elección dunha metodoloxía ou outra, facendo dela a máis válida para este tipo de problema. O desenvolvemento da investigación pretende, ademais de solucionar problemas existentes no contexto social, ser fonte de información e formación para os profesionais encargados de desenvolver a súa actividade neste campo de traballo, permitíndolles intervir con máis garantías de calidade e, sobre todo, ser capaces de anticiparse aos problemas e as necesidades do ámbito.</p>			

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A6	Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.
A7	Aplicar metodoloxías educativas e dinamizadoras da acción socioeducativa.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos
A11	Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa.
A13	Deseñar e levar a cabo proxectos de investigación elementais aplicables aos diferentes campos de intervención.
A14	Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.
A21	Deseñar e implementar procesos de avaliación de programas e estratexias de intervención socioeducativa en diversos contextos.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B4	Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer á terminoloxía; as diversas fases do plantexamento da investigación e as diversas metodoloxías tanto do ámbito cuantitativo como cualitativo da intervención socioeducativa	A5 A6 A7 A8 A11 A13 A14 A21	B4	C2
Analizar a información recollida nos procesos da intervención socioeducativa, empregando as técnicas de análise adecuadas	A6 A7 A8 A11 A13 A21	B1 B2 B5 B6	C1 C2 C3 C6 C8
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse dende diversas perspectivas e unha de elas a perspectiva de xénero	A5 A6 A7 A8 A11 A21	B1 B2 B5 B6	C1 C3 C4 C6 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
BLOQUE I.- FUNDAMENTOS DA INVESTIGACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO E SOCIAL	<p>TEMA 1. - A INVESTIGACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO E SOCIAL.</p> <p>1.1. Definición e características da investigación científica.</p> <p>1.2. Definición e características da investigación educativa.</p> <p>1.3. Tipos de Investigación.</p> <p>TEMA 2. - OS PARADIGMAS DE INVESTIGACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO E SOCIAL.</p> <p>2.1. Cuestións básicas.</p> <p>2.2. Características dos paradigmas.</p> <p>2.3. Posicións ante a diversidade paradigmática.</p>



<p>BLOQUE II.- A INVESTIGACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO E SOCIAL</p>	<p>TEMA 3. - O PROCESO XERAL DE INVESTIGACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO E SOCIAL (cuantitativo e cualitativo).</p> <p>3.1. Formulación do problema.          3.2. Revisión da literatura.          3.3. Hipótese e variables.          3.4. Deseños de investigación.          3.5. Poboación e mostra.          3.6. Técnicas de recollida de datos.          3.7. Informe da investigación.          3.8. Diferenzas do proceso de investigación dende a perspectiva cuantitativa e/ou cualitativa.</p>
<p>BLOQUE III.- METODOLOXÍA CUANTITATIVA E CUALITATIVA NA INVESTIGACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO E SOCIAL</p>	<p>TEMA 4. - A INVESTIGACIÓN DENDE UNHA PERSPECTIVA CUANTITATIVA.</p> <p>4.1. Introducción.          4.2. Investigación experimental          4.3. Investigación non experimental.</p> <p>TEMA 5. - INVESTIGACIÓN DENDE UNHA PERSPECTIVA CUALITATIVA.</p> <p>5.1. Investigación acción, investigación colaborativa e investigación participativa.          5.2. Investigación evaluativa          5.3. Outros métodos cualitativos: biográfico, etnográfico, fenomenología, etnometodología y estudio de casos.</p> <p>TEMA 6.- A ESTADÍSTICA COMO INSTRUMENTO DE INVESTIGACIÓN.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A7 A8 A11 A13 A14 A21 B4 C1 C6 C8	2	24	26
Análise de fontes documentais	C4	0	12	12
Proba mixta	A5 A6 A11 A13 B1 B2 B5 B6 C1 C2 C3 C4 C6 C8	4	4	8
Prácticas a través de TIC	A5 A6 A7 B1 C3 C6 C8	8	8	16
Solución de problemas	A5 A6 A7 A11 A13 A14 B1 B2 B5 C1 C2 C3 C4 C6 C8	10	18	28
Estudo de casos	A6 A7 A11 A14 B1 B2 B4 B5 B6 C1 C2 C3 C4 C6 C8	8	18	26
Sesión maxistral	A6 B5 C4 C6 C8	10	18	28
Atención personalizada		6	0	6

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Aprendizaxe colaborativa	Esta metodoloxía combínase con outras metodoloxías como análise de fontes documentais, esquemas, lecturas, mapas conceptuais, solución de problemas, etc. Todos estes procedementos serán guiados de FORMA PRESENCIAL e/ou apoiados con tecnoloxías da información e da comunicación. Para a súa realización configúranse grupos pequenos (non máis de 2 persoas). E lévanse a cabo durante todas ás clases interactivas da materia.
Análise de fontes documentais	Metodoloxía que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (artigos, textos educativos, bases de datos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise destes. Esta metodoloxía pódese empregar: como introdución a un tema, como instrumento de aplicación, para explicar procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Proba mixta	<p>Proba utilizada para a avaliación das aprendizaxes tanto das clases expositivas como interactivas. Conta de dúas partes:</p> <p>a) Parte teórica: será o que o/a profesor/a presenta nas clases expositivas e do dossier correspondente. Todos os contidos da guía docente.</p> <p>b) Parte análise: será unicamente o que o/a profesor/a expón e traballe co alumnado no tema 6 do apartado contido desta materia e do dossier correspondente.</p> <p>As preguntas destas partes poden ser directas ou afirmacións incompletas, mesmo preguntas con varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións. Pero só unha e a máis correcta. NESTA PROBA AS RESPONSTAS INCORRECTAS RESTARÁN ÁS CORRECTAS. A materia supérase cando se supera todas as partes e nunca se gardará algunha das partes para outras convocatorias.</p> <p><b>INFORMACIÓN IMPORTANTE:</b></p> <p>O/a estudiantado presencial debe presentarse a proba mixta (se suspende a avaliación continua a proba mixta será como calquer estudante non presencial. Se supera a avaliación continua debe presentarse para que a cualificación desa avaliación sexa real. PERO SE UN/UNHA ESTUDANTE SUSPENDE A PROBA MIXTA (AINDA QUE TEÑA SUPERADA A AVALIACION CONTINUA) SUSPENDERÁ A MATERIA. A avaliación continua dos/as estudantes presenciais so contará na convocatoria de xuño.</p> <p>A/o estudante non presencial a cualificación da proba mixta da convocatoria de xuño o xullo será a cualificación final da materia (non debe realizar a avaliación continua)</p>
Prácticas a través de TIC	Esta metodoloxía empregárase na Análise da información (tema 6 dos contidos). Emprego de programas informáticos tanto cuantitativos como cualitativos para o análise da información. O desenvolvemento desta actividade de análise será complementario á metodoloxía de solución de problemas.
Solución de problemas	Esta metodoloxía utilízase unicamente para o tema 6 dos contidos da materia. O alumnado disporá das clases interactivas para realizar as actividades encomendadas e terá que incorporalas todas xuntas nun documento único, que denominará ?Métodos de investigación? que será entregado na data estipulada pola docente (configurará deste xeito un dossier).
Estudo de casos	Esta metodoloxía empregárase para a realización das prácticas correspondentes aos temas 2, tema 3, tema 4 e tema 5 dos contidos da materia. Presentarase ao alumnado un exercicio por grupo e deberán aplicar os coñecementos teóricos adquiridos nas sesións expositivas á resolución do mesmo. O alumnado disporá das clases interactivas para realizar as actividades encomendadas e terá que incorporalas todas xuntas nun documento único que denominará ?Métodos de Investigación?, e que será entregado na data estipulada pola docente (configurará deste xeito un dossier)
Sesión maxistral	Clase impartidas pola profesora, nas clases expositivas, sobre os contidos xa citados no apartado de ?contidos? desta guía docente. Esta metodoloxía utiliza exclusivamente a palabra e a vista como vía de transmisión da información a todo o grupo. As clases expositivas serán PRESENCIAIS. Por tanto, preséntase cunha semana de antelación ao estudiantado no Campus Virtual o material en Power Point. En este material, el alumnado tendrá referencias bibliográficas para consultar o, también, para completar o seguir la exposición de las profesoras.



Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC Solución de problemas Sesión maxistral Aprendizaxe colaborativa Análise de fontes documentais Proba mixta Estudo de casos	<p>Na atención personalizada, as docentes resolverá as dúbidas que teña o alumnado sobre os diferentes temas a traballar na materia. Pero ademais, calquera dúbida que poida xurdir para a solución de problemas, na aprendizaxe colaboradora, a análise de fontes documentais no estudo de casos e nas prácticas a través de TIC. Durante estas sesións, realizarase un seguimento do traballo do estudantado, supervisando e orientando mais directamente o proceso a seguir en cada unha das actividades realizadas.</p> <p>Esta atención personalizada realizarase no despacho da profesora (P1A16 ) no horario de titorías. Este horario está colgado no taboleiro que está no despacho das profesoras, na páxina web do departamento, no campus virtual e na Facultade de Ciencias da Educación.</p> <p>A atención personalizada realizarase cara a cara entre o estudantado e a docente (PRESENCIAL). O estudantado debe comunicarse primeiramente coa profesora vía Campus Virtual, a través da plataforma habilitada a tal efecto e onde debe especificar o seu nome completo para facilitar poder ser atendida. Lembra que a profesora é a que marcarán o horario de dita titoría. Se o estudantado non solicita por ese medio a titoría, a profesora non o atenderán baixo ningunha circunstancia.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Solución de problemas	A5 A6 A7 A11 A13 A14 B1 B2 B5 C1 C2 C3 C4 C6 C8	<p>Esta tarefa está destinada a un único contido da materia (Tema 6). Coa mesma inténtase que o alumnado combine outras metodoloxías como por exemplo, solucións de problemas, prácticas guiadas (fichas guiadas), etc. Pero tendo presente que con ela o/a alumno/a desenvolve tarefas puramente prácticas sobre este tema co apoio e supervisión do profesorado. Todo isto so se levará a cabo cando se explique o tema 6.</p> <p>A docente presentará ao alumnado os apuntes deste tema (a través do Campus Virtual); nas clases expositivas explicará con solucións de problemas ditos apuntes; nas clases interactivas a profesora presentará prácticas guiadas para que o alumno/a as realice PARA TODO ESTO O/A ALUMNADO/A DEBE TRAER OS APUNTES REVISADOS.</p> <p>O/a alumnado deberá realizar todas as prácticas propostas e incorporalas nun documento único, a modo de dossier, que entregará ao docente no prazo establecido, baixo o nome de ?Métodos de Investigación?.</p>	25



Proba mixta	A5 A6 A11 A13 B1 B2 B5 B6 C1 C2 C3 C4 C6 C8	<p>O exame da 1ª e 2ª convocatorias (XUNIO E XULLO) é o que fai referencia a avaliación desta metodoloxía e consta de dúas partes:</p> <p>1-Parte MÉTODOS (teórica. Contidos da materia correspondente aos temas 1,2,3,4 e 5 (inclusive)) constará dun número de ítem de resposta aberta, ou de resposta breve ou de verdadeiro e falso pero xustificando (o tipo de preguntas o determinará o profesorado). Esta parte apróbase cando se alcanza unha puntuación de 5 sobre 10 puntos que é a puntuación máxima que se alcanza aquí (non se garda a nota desta parte, en ningunha convocatoria, se se suspende).</p> <p>2-Parte ANÁLISIS (práctica. O contido da materia correspondente ao tema 6)). Esta parte consta de varios problemas estatísticos ou preguntas de respostas breves ou preguntas de verdadeiro e falso (o profesorado será o que decida o tipo de preguntas). Esta parte apróbase cando se alcanza unha puntuación de 5 sobre 10 puntos que é a puntuación máxima que se alcanza aquí (non se garda nota desta parte en ningunha convocatoria, se se suspende).</p> <p>NOTAS ACLARATORIAS:</p> <p>a) En ambas partes (parte Métodos e parte Análise) as preguntas incorrectamente respondidas restarán</p> <p>B) As docentes, antes de finalizar o período lectivo PODERÁN realizar un simulacro de dita proba, no horario de clase da materia. A asistencia a este simulacro non é obrigatoria</p> <p>C) O exame (a parte teórica e a parte practica) debe estar aprobado para que se teña en conta a avaliación continua. Para aprobar é imprescindible que se cumpran ambos dos seguintes requisitos: (a) se acaden 5 puntos ou máis na proba mixta (en cada unha das partes (teórica e práctica); e (b) que se chegue, como mínimo, á metade do valor que ten cada una das partes (parte métodos e parte análise).</p> <p>d) Se se suspende algunha das partes (non se alcanza a puntuación mínima para aprobar) ou ben se non se supera a avaliación continua (dosíseres), o alumnado debe ir a convocatoria con todo (como un/unha estudante non presencial). <b>NON SE GARDAN PARTES DE NINGÚN EXAMEN DUNHA CONVOCATORIA PARA OUTRA OU OUTRAS CONVOCATORIAS. NIN AS CALIFICACIÓNS DOS DOSSIERES, NIN A AVALIACIÓN CONTINUA.</b></p> <p>e)A data dos exames das convocartorias (xunio e xullo) están marcados por Xunta de Facultade polo tanto non se moven.</p>	50
-------------	---	---	----



Estudo de casos	A6 A7 A11 A14 B1 B2 B4 B5 B6 C1 C2 C3 C4 C6 C8	<p>Esta tarefa está destinada aos contidos da materia (Tema 2, 3, 4 e 5). Coa mesma inténtase que o alumnado combine outras metodoloxías como por exemplo, solucións de problemas, prácticas guiadas (fichas guiadas), etc. Pero tendo presente que con ela o alumnado desenvolve tarefas puramente prácticas sobre este tema co apoio e supervisión das docentes. Todo isto so se levará a cabo cando se explique ditos temas.</p> <p>A docente presentarán ao alumnado os apuntes deste tema (a través de Campus Virtual); nas clases expositivas explicará con casos ditos apuntes; nas clases interactivas o profesorado presentará prácticas guiadas (fichas guiadas) para que o alumnado as realice <b>PARA TODO ESTO O ALUMNADO DEBE TRAER OS APUNTES REVISADOS.</b></p> <p>O/a alumnado deberá realizar todas as prácticas propostas e incorporalas nun documento único, a modo de dossier, que entregará ao docente no prazo establecido, baixo o nome de ?Métodos de Investigación?.</p>	25
-----------------	--	--	----

Observacións avaliación



Na avaliación da

materia (exposta no apartado da guía docente, denominado "Paso 7:

Avaliación") terase en conta antes de nada o seguinte:

a) ESTUDIANTES QUE

ASISTAN SEMPRE A CLASE (ou alumnado con dispensa académica (aprobada polo servizo da Universidade correspondente) (estudantes presenciais) considéranse que asisten un 80%, isto equivale a non ter máis de 3 faltas sen xustificar. Xustifícase as faltas médicas (con xustificante correctamente cuberto por un médico colexiado) e as faltas por un traballo (con xustificante correctamente cuberto no traballo onde se xustifique que en horas de clase se está a traballar) ou calquera outra falta sempre co documentación homologado. Non se poderá ter máis de dúas faltas de asistencia en cada unha das partes da materia (1ª Parte (temas 1,2,3,4 e 5) e 2ª Parte (tema 6).

A avaliación destes

alumnos/as ten en conta o seguinte: 1-A proba mixta;2-O estudo de casos (dossier 1 e clases interactivas) e 3-Solución de problemas (dossier 2 e clases interactivas). As avaliacións da parte 2 e 3 so serán efectivas a entrega do dossier.

Todo o alumnado

ASISTENTE OU PRESENCIAL debe superar a avaliación continua (dossieres) para poder someterse a proba mixta nas condicións que se explican para este grupo de estudantes. A avaliación continua equivale o 50% da nota final da materia (sendo necesario chegar ao mínimo do 40% para considerar que esta parte se superou. Hai que ter en conta que isto non é real mentres as/os estudantes non se presenten a proba mixta e a superen). Igualmente, é imprescindible acadar un mínimo de 25% sobre 50% na proba mixta para considerar superada está avaliación (atendendo a necesidade de chegar a un mínimo en cada parte, tal como se especificou no apartado correspondente na guía docente).

A nota final da

materia destes estudantes será: a nota da proba mixta sempre que a aprobe e a nota da avaliación continua (faise unha media), sempre será así, se se supera a proba mixta. Senón se supera a proba mixta, a avaliación continua non serve para aprobar a materia (esto quere dicir que aínda tendo aprobado a avaliación continua non se ten superada a materia nin se ten o 50% da materia superada). A profesora pode utilizar a avaliación continua para que o/a estudante poda aprobar a proba mixta (por exemplo, se alcanza en algunha das partes da proba mixta un mínimo e noutra parte non se alcanza o mínimo, entón a profesora conta a avaliación para que o estudante teña un aprobado (5))

A proba mixta para

estes estudantes, ao igual que as clases son PRESENCIAIS. MOI

**IMPORTANTE OS/AS ESTUDIANTES DEBEN ELEXIR ESTA MODALIDADE NO CAMPUS**

VIRTUAL, para isto a profesora enviará correos electrónicos, a través

do campus virtual, para que os/as estudantes fagan esta tarefa e outras

tarefas). SE NON SE FAI ESTA TAREFA E OUTRAS TAREFAS NO PERÍODO

ESTABLECIDO POLA PROFESORA NO CAMPUS VIRTUAL AUTOMÁTICAMENTE OS/OS ESTUDANTES

PASAN A SER NON PRESENCIAIS OU NON ASISTENTES (ver o seguinte apartado

b).

b)ESTUDIANTES QUE NON

ASISTAN SEMPRE A CLASE (estudantes non presenciais) considéranse que non asisten cando faltan máis dun 80%, é dicir, ten máis de tres faltas sen



xustificarse, ou ben ten máis de dúas faltas nunha das partes da materia. Se xustifica as faltas médicas (con xustificante correctamente cuberto por un médico colexiado) e as faltas por un traballo (con xustificante correctamente cuberto no traballo onde se xustifique que en horas de clase se está a traballar). Tamén pode ser aquel estudiantado que así opte dende o inicio da materia (o primeiro día de clase o profesorado presentará esta opción que o estudiantado pode elixir). Ou que non realiza algunha das tarefas planificadas pola profesora ao inicio do curso e que comunica aos estudantes polo campus virtual.

Estes/as estudantes

se presentarán ás probas da 1ª e/o 2ª convocatoria (Xunio e Xullo). Se recomenda que o estudiantado realice os dous dossieres da materia de forma autónoma, posto que estes serán avaliados na proba final da materia (40%), xunto cos contidos teóricos propios da proba mixta (60%). Estes estudantes deben aprobar as dúas partes (teórica e práctica, coas preguntas das docssieres) da proba mixta para aprobar a materia (aprobase ambas partes cun 5 en cada unha delas).



## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<p>Arnal, J., Del Rincón, D. y Latorre, A. (1992). Investigación educativa. Fundamentos y metodología. Barcelona: Labor. Bisquerra, R. (2004). Metodología de la investigación educativa. Madrid: La Muralla. Colás, P. y Buendía, A. (1992). Investigación educativa. Sevilla: Alfar. De La Orden, A. (1985). Investigación educativa. Diccionario de Ciencias de la Educación. Madrid: Anaya. De la Herrán (Coord.) (2005). Investigar en educación. Fundamentos, aplicaciones y nuevas perspectivas. Madrid: Dilex. Dendaluze, I. (Coord.) (1988). Aspectos metodológicos de la investigación educativa. (II Congreso Mundial Vasco). Madrid: Narcea. Etxeberria, J. y Tejedor Tejedor, F. J. (2005). Análisis descriptivo de datos en educación. Madrid: La Muralla. García, V. (1994). Problemas y métodos de investigación en educación personalizada. Madrid: Rialp. García, M. (2000). Socioestadística. Introducción a la Estadística en Sociología. Madrid: Alianza. García, M (coord.) (2015). El análisis de la realidad social: métodos y técnicas de investigación. Madrid: Alianza. Hernández, R., Fernández, C. y Baptista, P. (2003). Metodología de la investigación. (3ª. Edic.). México: McGraw-Hill. Latorre, A. (2003). La investigación-acción. Conocer y cambiar la práctica educativa. Barcelona: Graó. León, O. y Montero, I. (1993). Diseño de investigaciones. Introducción a la lógica de la investigación en Psicología y Educación. Madrid: McGraw-Hill. Losada, J. L. y López, R. (2003). Métodos de investigación en Ciencias Humanas y Sociales. Madrid: Thomson. Orfelo, L (2015). Métodos de Investigación en Psicología y educación: las tradiciones cualitativas y cuantitativa. Madrid: McGrawHill. Pérez, G. (Coord.). (2001). Modelos de investigación cualitativa en Educación Social y Animación Sociocultural. Aplicaciones Prácticas. Madrid: Narcea. Rodríguez, G., Gil, J. y García, E. (1996). Metodología de la investigación cualitativa. Málaga: Aljibe. Verd, J.M. (2016). Introducción a la investigación cualitativa: fases, métodos y técnicas: Madrid: Síntesis</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<p>Almazán, A et al. (2011). Análisis estadístico para la investigación social. Madrid: Garceta Bisquerra, R (1987). Introducción a la estadística aplicada a la investigación educativa. Barcelona: Promociones y Publicaciones Universitarias. Bisquerra, R. (2004). Metodología de la investigación educativa. Madrid: La Muralla. De Lara, E. y Ballesteros, B (2001). Métodos de investigación en educación social. Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia. De la Herrán (Coord.) (2005). Investigar en educación. Fundamentos, aplicaciones y nuevas perspectivas. Madrid: Dilex. Fox. D.J. (1987). El proceso de investigación en educación. Pamplona: Eunsa. Grim, P. (2010). La certeza absoluta y otras fricciones. Los secretos de la estadística. Barcelona: RBA Libros Monje, C (2011). Metodología de la investigación cualitativa y cuantitativa. Guía didáctica. Recuperado de: <a href="https://www.uv.mx/rmipe/files/2017/02/Guia-didactica-metodologia-de-la-investigacion.pdf">https://www.uv.mx/rmipe/files/2017/02/Guia-didactica-metodologia-de-la-investigacion.pdf</a> (consultado: 03/07/2018) Sierra, R. (1987). Técnicas de Investigación social. Teorías y ejercicios. Madrid: Paraninfo Enlaces WEB: Métodos y técnicas de investigación <a href="https://www.gestiopolis.com/metodos-y-tecnicas-de-investigacion/">https://www.gestiopolis.com/metodos-y-tecnicas-de-investigacion/</a> (consultado: 03/07/2018) Métodos de Investigación social: <a href="https://metodoss.com/investigacion-social/">https://metodoss.com/investigacion-social/</a> (consultado: 03/07/2018) Metodología de la investigación: <a href="https://sites.google.com/site/51300008metodologia/caracteristicas-cualitativa-cuantitativa">https://sites.google.com/site/51300008metodologia/caracteristicas-cualitativa-cuantitativa</a> (consultado: 03/07/2018) Aula virtual: <a href="https://educacionadistancia.juntadeandalucia.es/profesorado/autoformacion/mod/book/view.php?id=3847&amp;chaptid=3127">https://educacionadistancia.juntadeandalucia.es/profesorado/autoformacion/mod/book/view.php?id=3847&amp;chaptid=3127</a> (consultado: 03/07/2018) Uso de los métodos cuantitativos y cualitativos en la investigación <a href="https://prezi.com/awtmyv2x2_9a/el-uso-de-los-metodos-cuantitativos-y-cualitativos-en-una-investigacion/">https://prezi.com/awtmyv2x2_9a/el-uso-de-los-metodos-cuantitativos-y-cualitativos-en-una-investigacion/</a> (consultado: 03/07/2018)</p>

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

Métodos de avaliación de programas/652G03023

Técnicas de recollida e análise da información/652G03026

## Observacións



Se pueden consultar las siguientes

fuentes:<http://www.udc.es/dep/fam>&nbsp;<http://www.educacion.udc.es>&nbsp;<http://www-ice.up.es/upc/ice/ice.nsf>&nbsp;<http://dialnet.inicaja.es>&nbsp;<http://www.mec.es>&nbsp;<http://bibloteca.udc.es>&nbsp;<http://www.um.es/~dep/dep/RIE>&nbsp;<http://www.uv.es/a>  
<http://www.bne.es>  
<http://aera.net>

Recomendase para  
cumprir coa perspectiva de xénero utilizar o linguaxe inclusivo

Comité Ambiental da

Facultade (GREEN CMPUS) recoméndase:

-Recoméndase os  
envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar  
plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar  
imprimir borradores.

-Débese facer un uso  
sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio  
natural.

-Débese ter en conta  
a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibiliade  
nos comportamentos persoais e profesionais.

&nbsp;NOTA

MOI IMPORTANTE

&nbsp;Nas clases sosterase o principio  
de debate democrático, escoitando e respectando todas as opinións diversas en  
torno aos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnado

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías